

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Paradelas, a vinte e oito de setembro de 2017

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e catro minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O PASADO VINTE E SETE DE XULLO DE 2017.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 27 de xullo de 2017; da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 27 de xullo de 2017. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros presentes na sesión, sendo este seu número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario. (Dende o 2017-0118 ao 2017-0175).

O Pleno dase por enterado.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación dáse a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona

Sonsoles López Izquierdo, para que formule as preguntas presentadas formalmente por escrito.

O contido da pregunta co tenor literal presentada en data en data 22 de setembro de 2017. (Rex. Entrada núm. 961); é o seguinte:

“D^a. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno o seguinte:

PREGUNTA:

1.- *Con respecto ao número de paradas e frecuencia das mesmas, ¿en que medida se veu afectada Paradela co novo Plan de Transporte Público de Galicia?*

2.- *Polo que se ve reflexado no Plan a empresa paradelense Autocares Manolo que viña facendo servizo de transporte escolar non aprace concesionaria, cal é a situación da empresa na nova situación?*

En Paradela a 21 de setembro de 2017

Asdo. D^a Sonsoles López Izquierdo

Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello de Paradela.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.

O Sr. Alcalde di que hai que diferenciar entre o transporte escolar e o regular, aínda que se fundan nuha soa cousa, sinalando que no tema escolar o Concello está perfecto, o problema son as liñas regulares, onde os días non lectivos e festivos o servizo non existe, manifestando que en diversas reunións coa Conselleira e os Técnicos que levan o tema do Plan de Transportes amosou a súa disconformidade coas liñas; reunión a que tamén asistiu o Alcalde de Portomarín xa que as liñas parten de Portomarín a Lugo e de Paradela a Sarria e deixaron se conexión Portomarín-Paradela; co fin de que se manteñan as liñas que existían ata o de agora; se ben hai un periodo de catro meses para axustar as liñas e facerse melloras no mencionado Plan.

Por outra banda, di que Autocares Manolo mantén o transporte escolar, xa que os que non teñen transporte regular manteñen dous anos a concesión do transporte escolar, pedirase que non saian a concurso, no seu momento, todas as liñas escolares xuntas.

Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista di que o que non ten sentido e que antes de sacar o Plan adiante, non se reunisen cos Alcaldes e coas empresas que estaban a prestar o servizos para ter unha fotografía real das necesidades nesta materia de transporte.

O contido da pregunta co tenor literal presentada en data en data 22 de setembro de 2017. (Rex. Entrada núm. 961); é o seguinte:

“D^a. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno o seguinte:

PREGUNTA:

Con respecto á residencia de Paradela,

- A empresa adjudicataria da xestión será a encargada de seleccionar ao persoal?

- Os usuarios que soliciten praza terán garantía dela ou concursan co resto dos solicitantes de Galicia?

- Coñece o modelo de xestión que se vai levar? Tense previsto que os consumibles da residencia (alimentación por exemplo) sexan abastecidos por comerciantes de Paradela, na medida do posible?

- O Concello cofinancia algún gasto da residencia?

En Paradela a 21 de setembro de 2017

Asdo. D^a Sonsoles López Izquierdo

Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello de Paradela.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.

O Sr. Alcalde respecto do tema da Residencia, di que o luns se recibiu o borrador do Convenio para a cesión do Consorcio ao Concello da xestión da Residencia e do Centro de Día, que está a ser estudado e traballando na documentación que hai que enviar a tutela financeira, para poder facerse cargo da Residencia.

Manifesta que en poucos días saldrá a licitación do mobiliario por parte do Consorcio cun orzamento arredor dos cento trinta mil euros, 24 prazas de Residencia e 20 de Centro de día, deixando no aire o tema da cociña por se o servizo vai ser de catering ou a través de cociña no propio centro, tendo o compromiso que en función diso se dotará.

En canto a garantía de que a xente de Paradela teña praza no centro, di que nos regulamentos de acceso se intentará favorecer a preferencia dos nosos veciños, pero respectando sempre a legalidade.

A voceira do Grupo Municipal Socialista di que se nos pregos non é posible impoñer a concesionaria que o sistema de cociña sexa no Centro e non catering e manifesta que no posible se de preferencia á xente de Paradela para acceder ao servizo de Residencia e Centro de día.

O Sr. Alcalde di que é complicado e que se estudará no seu momento.

Di asemade, que a contratación do persoal, corresponderalle á empresa, se ben normalmente a xente contratada adoita a ser da zona, e o Concello non terá gastos pola Residencia, en todo caso ao contrario, ingresará polo canon concesional.

Por último, Dona Sonsoles López, Voceira do Grupo Municipal Socialista, roga que o Concello estableza un día e lugar para a recollida de tapóns, como fai cos plásticos agrícolas, xa que sabe que en diversos establecementos de Paradela se recollen pero non hai que nos leve a Lugo, habendo a posibilidade de que sean recollidos por unha furgoneta da Deputación, unha vez que son avisados.

Por parte do Sr. Alcalde non se amosa ningún impedimento ao respecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e cincuenta minutos do vinte e oito de setembro de dous mil dezasete, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace



**Concello de
Paradela**

O Alcalde

O Secretario-Interventor

Documento asinado dixitalmente ao marxe